



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA, E A FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓN DE FOMENTO DO COMERCIO RETALLISTA NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA – 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Manuel Heredia Pérez, director xeral de Comercio e Consumo, DECLARA:

Que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ten previsto formalizar coa Federación Galega de Comercio o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Federación Galega de Comercio para a realización de accións de orientación, dixitalización e información-promoción no comercio retallista.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, segundo o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de comercio interior.

Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla entre os seus obxectivos, a renovación e promoción do sector comercial retallista, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas pola Federación Galega de Comercio para acadar o nivel de competitividade desexable cara o mercado interior e que incida no seu maior desenvolvemento.

A Federación Galega de Comercio ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, e entre outros, a representación, defensa e promoción dos intereses do comercio retallista, así como formular propostas e ser interlocutores perante a administración en todas aquelas accións, reformas ou medidas tendentes ao desenvolvemento, mellora e regulamento das actividades empresariais do comercio.

Neste senso, a posta en marcha de distintas actividades relacionadas directamente coa información, formación e promoción do comercio (e en especial do comercio electrónico), así como a profesionalización da xestión dos clientes como eixos fundamentais de

[DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO](#)
Edificio administrativo de San Caetano, s/n - Bloque 5
15781 – Santiago de Compostela
A Coruña





actuación, amósanse axeitadas perante a situación que vive este colectivo, que demanda un decidido apoio na consecución dunha maior concorrência fronte a outras estruturas comerciais, e onde as administracións públicas teñen que xogar un papel relevante. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva porque as accións obxecto deste convenio realízanse pola propia Federación Galega de Comercio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

